



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello
Día: 16 de xullo de 2015
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Inicio execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma e rexeitamento de alegación presentada por don xxxxx**
- 3. Licenzas urbanísticas**
- 4. Devolución taxas municipais. Exped. 15/774**
- 5. Altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 6. Denegación SAF libre concorrencia**
- 7. Solicitude renovación bonificación tarxeta transporte metropolitano da área de Santiago de Compostela**
- 8. Baixa voluntaria SAF libre concorrencia e alta SAF libre concorrencia**
- 9. Dar conta das altas / baixas no SAF**
- 10. Inicio de execución subsidiaria de limpeza/corta nas leiras dedicadas a monte de O Xeixo-Rebordaos-Oural**
- 11. Aprobación de facturas**
- 12. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión constitutiva da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 2 de xullo do 2015

2.Inicio execución subsidiaria de limpeza na leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma e rexeitamento de alegación presentada por don Manuel xxxxx

ANTECEDENTES

O 27 de maio de 2015 co número de entrada 15/1030, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma número 2, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar hai máis de cinco anos, con toxos grandes e que é un perigo en caso de incendio.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón que a parcela é a número 430 e o polígono o número 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 4 de xuño do 2015 acordouse requirir a dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx.

Déuselles trámite de audiencia.

Dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx recibiron notificación do requirimento o 11 de xuño do 2015.

Con data 29 de xuño do 2015 , rexistro de entrada 15/1291, don Manuel xxxxx presenta escrito no cal expón que para proceder á limpeza da leira número 430, necesita entrar pola leira número 431, propiedade de don Jesús xxxxx, posto que non ten outro acceso á leira. Solicita poder acceder, prazo de quince días, pola leira número 431 para proceder coas labores de limpeza.

Feita segunda inspección técnica no lugar de *“Ponte Ledesma, compróbase que a leira número 430, polígono 45, dedicada a monte está con abundante maleza e a menos de 50 metros perimetrais da vivenda do denunciante, don Jesús xxxxx.*

Existe perigo de incendio.

Non se respectan as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal

nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal...”

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Conforme o disposto no artigo 84.2 da da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, deuse trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formularan alegacións ou presentasen documentación oportuna. Dita alegación foi presentada fóra do prazo establecido, sendo polo tanto extemporánea.

Por outra banda procede que para entrar na leira número 430, polígono número 45 o propietario o faga de xeito similar a como fixo nos anteriores expedientes tramitados de limpeza/corta de biomasa vexetal: no ano 2006 don Jesús xxxxx solicitaba que se procedese á cortar dun piñeiro situado na leira número 430, polígono número 45, que ameazaba con caer enriba da súa casa. Dito expediente foi arquivado na Xunta de Goberno do 07/03/2007, por procedere don Manuel xxxxx coa corta do citado piñeiro.

No ano 2009 don Jesús xxxxx solicitaba que se procedese na leira número 430, polígono número 45 a cortar piñeiros e a limpar maleza existente ata gardar a distancia esixida pola normativa en materia de prevención de incendios forestais. Dito expediente foi arquivado na Xunta de Goberno de 17 de marzo do 2010, por procederse cos traballos de limpeza e corta de arboredo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder limpeza de maleza na leira número 430, polígono 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2) Comunicar que o custo previsto dos traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **504,85 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 430, polígono 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma.

3) Rexeitar o escrito de alegacións presentado o 29/06/2015, por ser extemporáneo.

4) Dar traslado deste acordo ó denunciante, don Jesús xxxxx

3.Licenzas urbanísticas

A) Licenza municipal de obras, para a demolición parcial de edificación, no lugar de xx, na parroquia de Oural. Expte: 15/1143

ANTECEDENTES:

Con data do 11/06/2015 (con rexistro de entrada n.º: 15/1143, de data do 12/06/2015), por Manuel xxxxx, con DNI n.º: xxxxx, preséntase un proxecto técnico, asinado polo enxeñeiro técnico forestal, D. Roberto Castro Rocamonde, colexiado n.º: 167 do COETFG, para a demolición parcial dunha edificación, situada na parcela catastral 001303800NH53G0000SB, sita no lugar xxxxx, na parroquia de Oural, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 16/06/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Con data do 10/07/2015, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, que corresponde aboar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 € (ingresada aos efectos con data do 12/06/2015). Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Manuel xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “demolición parcial dunha edificación”, sita no lugar xxxxx, na parroquia de Oural, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Núm. do expediente: 15/1143
02. Promotor da licenza: MANUEL xxxxx
03. DNI do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras: DEMOLICIÓN PARCIAL DUNHA EDIFICACIÓN
06. Situación e emprazamento: CASTRO – OURAL
(Parcela con ref. cat. 001303800NH53G0000SB)
07. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
08. Orzamento de execución material das obras: 878,54 €
09. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 21,96 €
10. Técnico autor do proxecto: ROBERTO CASTRO ROCAMONDE. Enx. Técnico Forestal
11. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

12. Durante a execución das obras, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
13. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico, visado electrónicamente con nº.: 150258, de data 08/06/2015, e toda a documentación complementaria presentada, que sirve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **21,96 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

B) Legalización dunha soleira de formigón existente, sita no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo. Expte.: 12/1173

ANTECEDENTES:

Con data do 04/04/2012, a Xunta do Goberno Local, acordou o inicio dun expediente de reposición da legalidade urbanística, contra Doña M^a Carmen xxxxx (a instancia de D.

Jesús xxxxx), pola realización de obras de pavimentación, sen licenza municipal, no entorno dun galpón da súa propiedade. O inicio deste expediente de reposición, baseouse nunha denuncia previa, e no informe técnico, que emite María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, e que no seu punto 5, di que a pavimentación do entorno do galpón, executada sen licenza municipal, trátase dunha obra menor, polo que pode ser “*legalizable*”, presentando a documentación establecida pola normativa municipal, e de acordo co artigo 209 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Con data do 24/04/2012 (con rexistro de entrada n.º: 12/1134), por M^a del Carmen xxxxx, con DNI n.º: xxxxx, presenta unha solicitude de concesión de tempo, para proceder á legalización das ditas obras, e con data do 30/04/2012 (con rexistro de entrada n.º: 12/1173), achega unha solicitude de licenza municipal de obras, aportando un plano de situación, e o xustificante de ingreso da taxa municipal, para a legalización da dita soleira de formigón, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, e emprazada urbanisticamente en solo non urbanizable común, segundo as normas subsidiarias de planeamento vixentes nese momento.

Con data do 23/05/2012, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un **informe técnico**, favorable condicional, que se comunica ó promotora das obras, con data do 24/05/2012 (con rexistro de saída n.º: 12/580, de data do 29/05/2012), coa finalidade de que presenten a documentación xustificativa, segundo se detalla no dito informe técnico.

Con data do 04/06/2012 (con rexistro de entrada n.º: 12/1549, de data do 13/06/2012), por María del Carmen xxxxx, preséntase documentación complementaria, en base ao informe técnico de data do 23/05/2012.

Con data do 25/06/2012, por María Carmen Novoa Sío, emítese un **novo informe técnico**, favorable condicional, que se comunica á promotora do proxecto, con data do 11/07/2012, con rexistro de saída n.º: 12/749, de data do 12/07/2012, mediante a cal deberán achegar unha nova memoria valorada, que inclúa toda a superficie formigonada, así como que deberán solicitar a autorización previa do organismo autónomo de Augas de Galicia.

Con data do 04/04/2014, con rexistro de saída n.º: 14/322, pola Alcaldía, requíreselle novamente á promotora, a documentación que non foi presentada, en base á comunicación de data do 11/07/2012, con rexistro de saída n.º: 12/749.

Con data do 14/04/2014, (rexistro de entrada n.º: 14/755, de data do 24/04/2014), por María del Carmen xxxxx, preséntase unha nova documentación xustificativa, para dar debido cumprimento ao disposto no informe técnico de data do 25/06/2012, xunto con unha copia da solicitude de legalización de soleira de formigón, ante o organismo autónomo de Augas de Galicia, con rexistro de entrada na dito organismo, n.º: 1711 / RX 37445, de data do 24/04/2014.

Con data do 07/05/2014, por María Carmen Novoa Sío, emítese un **novo informe técnico**, “*favorable*”, no que se fai constar que será preciso obter a autorización previa de Augas de Galicia, e tendo en conta que as condicións do seu informe, serán de obrigado cumprimento.

Con data do 14/05/2014 (rexistro de saída núm. 14/461, de data do 15/05/2014), remíteselle á promotora unha copia do informe técnico favorable, comunicándolle así mesmo, que deberá presentar a correspondente autorización de Augas de Galicia, para poder conceder legalización das obras executadas.

Con data do 24/02/2015 (registro de saída n.: 15/131), pola alcaldía, solicítase ó organismo autónomo de Augas de Galicia, información sobre a tramitación ou resolución da dita solicitude de autorización previa, para a legalización dunha soleira de formigón, por riba dunha condución subterránea, obxecto dunha concesión a favor do propietario dunha finca colindante, presentada no seu momento, por M^a del Carmen xxxxx, con n.º: 1711 / RX 37745, de data do 24 de abril de 2014.

Con data do 15/06/2015 (registro de saída da Xunta de Galicia 2979 / RX 839763, de data 22/06/2015), por Augas de Galicia, emítase o correspondente informe, no que declaran, que a soleira de referencia está ubicada en terreos de propiedade da solicitante. Esta actuación non supón impedimento nin molestia para o normal aproveitamento das augas obxecto da concesión de que se fixo mérito. A soleira de que se trata é superficial e aínda que está situada por riba das conducións de augas, en nada empece o lexítimo e pacífico exercicio dos seus dereitos para o concesionario. Quen, si houbera soportado algún tipo de agresión no disfrute da repetida concesión, que non é o caso, podería, de acordo co disposto no artigo 80.4º do texto refundido da Lei de Augas, instar a protección dos seus dereitos perante Augas de Galicia. Por isto, debe concluírse a incompetencia por razón de materia, deste ente público en relación coa construción da soleira de referencia. Este informe, tivo entrada no Concello, con data do 25/06/2015, con n.º.: de registro 15/1265.

Con data do 10/07/2015, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente o ingreso da taxa, que corresponde abonar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €, ingresada con data do 30/04/2012; polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Legalizar as obras levadas a cabo por María del Carmen xxxxx, con relación á soleira de formigón de 301 m2 de superficie, en base á memoria presentada con data do 14/04/2014 (con registro de entrada n.º: 14/755, de data do 24/04/2014), que se executaron no lugar de xxxxx, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

- Núm. do expediente: 12/1173
- Promotora da licenza: María del xxxxx
- DNI da promotora: xxxxx
- Clasificación urbanística vixente: Solo de Núcleo Rural
- Tipo de Obras: Legalización de soleira de formigón existente
- Situación e emprazamento: xxxxx
- Referencia catastral da finca: 15012A506000340000WH
- Taxa pola tramitación do expediente: 61,62 €
- Orzamento de execución material das obras legalizadas: 4.816,00 €
- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): 120,40 €

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **120,40 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

Terceiro:

Arquivar o expediente de reposición da legalidade urbanística, iniciado pola Xunta do Goberno Local, con data do 04/04/2012.

Cuarto:

Notificar o presente acordo, aos efectos oportunos, a:

- María xxxxx
- Jesús xxxxx

C) Licenza municipal de obras, para a restauración e modificación de cubertas, e apertura de ocos en alzados, dunha edificación destinada a vivenda e cuadras, sita no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar. Expte: 14/2178

ANTECEDENTES:

Con data do 25/11/2014 (registro de entrada núm. 14/2178, de data do 26/11/2014), por Luís Eugenio xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Jesús xxxxx, colexiado nº.: 3.204, para a restauración e modificación de cubertas e apertura de ocos en fachadas, dunha edificación destinada a vivenda e cuadras, en estado ruinoso, sitas no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e emprazadas urbanísticamente en solo non urbanizable de núcleo rural, segundo as normas subsidiarias de planeamento vixentes.

Con data do 27/11/2014, con registro de saída nº.: 14/1058, o alcalde, pon en coñecemento do promotor da licenza, os importes da taxa (61,62 €), pola tramitación e solicitude da licenza municipal de obras, e do ICIO (410,68 €), correspondentes ao imposto municipal por construcións, instalacións e obras, que corresponden abonar.

Con data do 10/12/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un **informe técnico, desfavorable**, que se comunica ó promotor do proxecto, con data do 12/12/2014, con registro de saída nº.: 14/1112, de data do 15/12/2014.

Con data do 24/12/2014 (registro de entrada núm. 14/2375, de data do 29/12/2014), por Luís Eugenio xxxxx, preséntase un anexo de modificación de planos, en base ao informe técnico de data do 10/12/2014.

Con data do 13/01/2015, por María Carmen Novoa Sío, emítase un **novo informe técnico, desfavorable**, que se comunica ó promotor do proxecto, con data do 14/01/2015, con registro de saída nº.: 15/28, de data do 15/01/2015.

Con data do 30/03/2015, con registro de entrada nº.: 15/559, por Luís Eugenio xxxxx, preséntase un novo proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Jesús Estévez Loureiro, colexiado nº.: 3.204, visado con data do 23/03/2015, para a restauración e modificación de cubertas e apertura de ocos en fachadas, dunha edificación destinada a vivenda e cuadras, en estado ruinoso, sitas no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e emprazadas urbanísticamente en solo de núcleo rural, segundo o plan xeral de ordenación municipal actualmente vixente.

Con data do 14/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, emítase un **novo informe técnico, favorable condicional**, que se comunica ó promotor do proxecto, con data do 21/04/2015, con registro de saída nº.: 15/309, de data do 22/04/2015.

Con data do 20/05/2015, con rexistro de entrada n.º: 15/983, por Luís Eugenio xxxxx, preséntase unha nova documentación técnica, visada con data do 30/04/2015, para dar debido cumprimento ao disposto no informe técnico, de data do 14/04/2015.

Con data do 10/06/2015, por María Carmen Novoa Sío, emítase o **informe técnico favorable**, no que se fai constar que as actuacións previstas son de restauración dos muros e da cuberta existentes nunha edificación sen uso actual. Ditas actuacións non permiten o uso da mesma como vivenda.

Con data do 16/06/2015, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa: o ingreso da taxa, que corresponde abonar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €, ingresada con data do 02/12/2014; o oficio de dirección de obra do arquitecto D. Jesús Estévez Loureiro, colexiado número 3.204, de data do 20/03/2015, visado con data do 23/03/2015; e oficio de coordinador en materia de seguridade e saúde, do mesmo arquitecto, de data do 28/04/2015; polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder a Luís Eugenio xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “restauración e modificación de cubertas e apertura de ocos en fachadas”, dunha edificación destinada a vivenda e cuadras, en estado ruinoso, sitas no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

- Núm. do expediente: 14/2178
- Promotor da licenza: Luís Eugenio xxxxx
- DNI do promotor: xxxxx
- Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural
- Tipo de Obras: Restauración e modificación de cubertas e apertura de ocos en fachadas
- Situación e emprazamento: Gastrar – Gastrar
- Referencia catastral da finca: 15012A504000500000WU
- Referencia catastral da edificación: 000301500NH44D0001OU
- Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
- Orzamento de execución material das obras: 16.427,00 €
- Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 410,68 €
- Técnico autor do proxecto: Jesús Estévez Loureiro. Arquitecto
- Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: 6 meses (desde o recibo de notificación da licenza)
 - Para terminar as obras: 3 anos (desde o recibo de notificación da licenza)

b.-) Condicións especiais:

- No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas e seguros correspondentes.
- Deberá instalarse o cartel de obra na parcela cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazo de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
- As obras deberanse adaptar as condicións do proxecto técnico presentado, visado con data 23/03/2015, e a documentación complementaria, visada con data do 30/04/2015, e que serven de base para a concesión desta licenza.

-As actuacións previstas son de restauración dos muros e da cuberta existentes nunha edificación sen uso actual. Ditas actuacións non permiten o uso da mesma como vivenda.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **410,68 €** e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “concello de Boqueixón.”

- Conta N^o: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón).

D) Licenza municipal de segregación e agrupación de fincas, en Camporrapado – Oural. Expte.: 15/821

ANTECEDENTES:

Con data do 29/04/2015 (registro de entrada 15/821), por don Avelino xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación e agrupación de fincas, sitas no lugar de Camporrapado, parroquia de Oural, e emprazadas urbanísticamente en Solo Urbano.

Con data do 10/06/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. Faise constar no mesmo que, de acordo coas escrituras achegadas, os propietarios das fincas iniciais son, D. Avelino xxxxx e D^a. Purificación xxxxx, polo que deberase achegar a autorización previa da propietaria, para as actuacións previstas.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación e agrupación de fincas, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 29/04/2015), así como a autorización por parte da propietaria para as actuacións previstas; polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder, a D. Avelino xxxxx, e a Dña. Purificación xxxxx, a “*licenza municipal*”, para a segregación e agrupación de fincas, sitas no lugar de Camporrapado, na parroquia da Oural, e emprazadas urbanísticamente en solo urbano, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

- Núm. do expediente: 2015/821
- Promotores da licenza: AVELINO xxxxx–PURIFICACIÓN xxxxx
- N.I.F. dos promotores: xxxxx
- Clasificación urbanística: SOLO URBANO
- Tipo de licenza: SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE FINCAS
- Situación e emprazamento: CAMPORRAPADO – OURAL
- Técnico autor do proxecto: FCO. JAVIER BELLETT GARCÍA. Enx. Técnico Agrícola

Descrición das parcelas iniciais, e das parcelas resultantes

1.- PARCELAS INICIAIS:

- **Parcela 1:** parte da parcela 379, do plano de concentración parcelaria da zona de Oural – Pousada – Sucira e Bendaña, descrita no proxecto como finca nº 379, cunha superficie de 17.174 m². Linda: Norte, camiño, cun fronte de 85,31 m., e Jesús xxxxx (374), hoxe Carmen xxxxx, en liña de 99,78 m.; Sur, Manuel xxxxx (380), hoxe, Aurelio xxxxx (nº 9 de catastro), en liña de 52,49 m., e Manuel xxxxx (nº 12 de catastro), en liña de 6,66 m., José xxxxx (360), en liña de 28,12 m., hoxe Santos Cociña e Baño S.L. e resto da finca matriz, de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en liña de 33,04 m.; Leste, parcela que se segregou desta finca (379), de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx, hoxe Zubiri S.L. (nº 4 de catastro), en liña de 178,12 m.; e Oeste, José xxxxx (360), hoxe Santos Cociña e Baño S.L. en liña de 27,18 m., e Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en liña de 64,64 m. e Jesús xxxxx (374), hoxe Carmen xxxxx, en liña de 28,12 m. Sobre esta finca existe unha construción (nave 4), de planta baixa, que ocupa unha superficie de 1.206,14 m².

- **Parcela 2:** parcela excluída de concentración parcelaria, descrita no proxecto como finca nº 13, ao sitio de “Agro de Coto” e cunha superficie de 5.751 m². Linda: Norte, en parte camiño de carro, que da a estrada da Susana a Ponteledesma, da servizo ao “Agro do Coto”, e noutra parte testas deste agro, ribazo en medio, por onde ten un acceso sostido por dito ribazo (hoxe fincas nº 379 de concentración parcelaria de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx, e nº 360, de concentración parcelaria de Santos Cociña e Baño S.L.); Sur, horta da casa de Manuel Fernández González (08), caseta e terreo unido de Avelino xxxxx, hoxe, Manuel xxxxx (07), faixa de terreo de catro metros de ancho, que vai pola parte posterior da edificación destinada a almacén, de Avelino xxxxx (hoxe Ofelia xxxxx), e despois casa vivenda deste (06), á que segue outra edificación destinada tamén a almacén do mesmo, hoxe comunidade de propietarios do inmovible (05), e ó final a entrada principal para a finca pola estrada expresada da Susana a Ponteledesma; Leste, muíño de José xxxxx, hoxe a súa viúva e casa de Manuel xxxxx, hoxe Aurelio xxxxx (380), camiño de carro en medio que sae á estrada; e Oeste, casa de nova construción de José xxxxx, hoxe Santos Cociña e Baño, S.L. (03), e galpón unido dedicado a taller de carpintaría, con faixa de terreo en medio de catro metros de ancho, e finalmente o camiño, que desde a estrada da servizo ao “Agro do Coto”. Na finca existen dous barracóns e pozo de auga. Esta finca ten as seguintes construcións: nave-1 de 182,06 m², nave-2 de 1.110,70 m², silo-1 de 65,80 m², silo-2 de 25,20 m², nave-3 de 345,10 m², casa de 95,56 m², terraza de 30,61 m² e oficina de 43,25 m², cunha superficie construída total de 1.898,28 m².

2.- **SEGREGACIÓN DA PARCELA 2** (Parcela nº 13 no proxecto, de 5.751,00 m²):

Parcela segregada 2-a: (parcela segregada 13-1 no proxecto). Ten unha superficie de 2.288,00 m². Linda: Norte, co resto de finca matriz de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en liña quebrada de 71,91 m.; Sur, con Manuel xxxxx (número 8 de catastro), en liña de 19,54 m., caseta e terreo unido de Manuel xxxxx (número 7 de catastro), en liña de 16,05 m. e Ofelia xxxxx (número 6 de catastro), nunha lonxitude de 26,45 m.; Leste, Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (379), en liña de 4,08 m., pista que sae á estrada da Susana a Ponte Ledesma, cun fronte de 38,17 m., e Manuel xxxxx (número 7 de Catastro), en liña de 8,26 m.; e Oeste, resto de finca matriz de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2) en 10,38 m.

Polo seu linde Oeste, a finca descrita conta ó seu favor cunha servidume de paso, para toda clase de vehículos a motor, de 4,85 m. de ancho sobre o resto de finca matriz (13-2), cunha

lonxitude de 15,25 m., que alcanza desde a entrada principal de dita finca ata o límite coa parcela segregada (13-1).

A finca ten as seguintes construcións: nave-1; de 75,00 m², nave-2; de 720,00 m², cunha superficie construída total de 795,00 m².

- Resto da parcela 2 matriz: (parcela 13-2 no proxecto). Ten unha superficie de 3.463 m². Linda: Norte, con Santos Cociña e Baño S.L. (nº 360 de concentración parcelaria, e nº 3 de Catastro), en 13,85 m., Avelino xxxxx e Purificación xxxxxx (379), en liña de 33,04 m.; Sur, coa parcela segregada de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-1), en liña de 71,91 m., Comunidade de propietarios do inmovible nº 5 de Catastro, en liña de 15,25 m., e entrada principal á finca en 9,82 m.; Leste, coa parcela segregada de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-1) en liña de 10,38 m., novamente Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (379), en liña de 60,62 ; e Oeste, con Santos Cociña e Baño S.L. (nº 360 de concentración parcelaria, e nº 3 de catastro), casa e galpón unido dedicado a taller de carpintería, con franxa de terreo en medio, de catro metros de ancho, en liña de 48,26 m., e acceso principal da finca á estrada da Susana a Ponteledesma.

Esta finca está gravada a favor da parcela segregada (13-1), por unha servidume de paso, a través do seu vértice Suroeste, para toda clase de vehículos a motor de 4,85 m. de ancho e 15,25 m. de lonxitude, desde a entrada á finca, ata alcanzar o límite coa parcela segregada.

Sobre esta finca emprázanse as seguintes construcións: vivenda; de 95,56 m², terraza; de 30,61 m², nave-3; de 345,10 m²; e oficinas de 43,25 m², cunha superficie construída total de 514,25 m².

3.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS:

- Agrupación do resto da parcela 2 matriz (parcela 13-2 no proxecto), de 3.463,00 m² + parcela 1 inicial (parcela 379 no proxecto), de 17.174,00 m², resultando unha parcela de 20.637,00 m².

4.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:

Parcela A:

Resultante da agrupación do resto da parcela 2 matriz (parcela 13-2 no proxecto), coa parcela 1 inicial (parcela 379 no proxecto).

Parcela cunha superficie de **20.637,00 m²**. Linda: Norte, con terreo público que da acceso a pista cun fronte de 85,31 m., Carmen xxxxx (374), en liña de 99,78 m. e Santos Cociña e Baños S.L. (03), en liña quebrada 41,03 m.; Sur, con Aurelio xxxxx (09), en liña de 52,49 m., Manuel xxxxx (12), en liña de 6,66 m., Santos Cociña e Baño S.L. (03), en liña de 28,12 m., outra de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-1), en liña quebrada de 71,91 m., e muro que separa de comunidade de propietarios do inmovible (05), en liña de 15,25 m., e entrada principal á finca en 9,82 m.; Leste, con Zubiri S.L. (04), en liña de 178,12 m., outra de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-1), en liña de 10,38 m.; e Oeste, con Santos Cociña e Baño S.L. (03), en liña de 48,26 m. e Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en liña de 4,02 m., e entrada principal á finca en liña de 5,05 m.

Esta finca está gravada a favor da parcela segregada (13-1), por unha servidume de paso, a través do seu vértice Suroeste, para toda clase de vehículos a motor de 4,85 m. de ancho e 15,25 m. de lonxitude, desde a entrada á finca. ata alcanzar o límite coa parcela segregada.

Sobre esta finca emprázanse as seguintes construcións: vivenda; de 95,56 m², terraza; de 30,61 m², nave 3; de 345,10 m², nave 4; de 1.206,14 m²; e oficinas de 43,25 m², cunha superficie construída total de 1.720,39 m².

Parcela B:

Parcela segregada 2-a: (parcela segregada 13-1 no proxecto).

Parcela cunha superficie de **2.288,00 m²**. Linda: Norte, co resto de finca matriz, de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en liña quebrada de 71,91 m.; Sur, con Manuel xxxxx (nº 8 de catastro), en liña de 19,54 m., caseta e terreo unido de Manuel xxxxx (nº 7 de catastro), en liña de 16,05 m. e Ofelia xxxxx (nº 6 de catastro), nunha lonxitude de 26,45 m.; Leste, Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (379), en liña de 4,08 m. pista que sae á estrada da Susana a Ponteledesma, cun fronte de 38,17 m., e Manuel xxxxx (nº 7 de Catastro), en liña de 8,26 m.; e Oeste, resto de finca matriz, de Avelino xxxxx e Purificación xxxxx (13-2), en 10,38 m.

Polo seu linde Oeste, a finca descrita, conta ó seu favor cunha servidume de paso para toda clase de vehículos a motor de 4,85 m. de ancho, sobre o resto de finca matriz (13-2), cunha lonxitude de 15,25 m. que alcanza desde a entrada principal de dita finca, ata o límite coa parcela segregada (13-1).

A finca ten as seguintes construcións: nave-1; de 75,00 m², e nave-2; de 720,00 m², cunha superficie construída total de 795,00 m².

4.Devolución taxas municipais. Exped. 15/774

ANTECEDENTES:

Con data do 23/04/2015 e rexistro de entrada núm. 15/774, dona Celsa xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, presenta nestas dependencias municipais unha comunicación previa de obras, para o acondicionamento da cuberta dunha vivenda unifamiliar existente (referencia catastral 15012B514006650001BG), que se empraza no lugar da xxxxx, parroquia de Oural.

Xunto coa documentación presentada, a solicitante achega os documentos xustificativos do abono da taxa municipal, así como do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), polo importe total de 195,02 euros (ingresados na conta bancaria do Concello con data 23/04/2015).

Con data do 27/04/2015 figura na conta bancaria municipal, un novo ingreso duplicado polo mesmo importe, en base ó antedito expediente, por orden de dona Celsa xxxxx.

Por este motivo, requíreselle á interesada que presente o nº.: de conta bancario, no que se lle poida facer efectivo o reintegro, por importe de 195,02 €, que por erro, ingresou por duplicado na conta do Concello, o cal é facilitado posteriormente pola titular.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Reintegrar, a dona Celsa xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, o importe de **195,02 €** que con data 27/04/2015 ingresou por erro na conta do Concello, en concepto de taxa e imposto municipal, pola comunicación previa de obras, para a substitución de material de cubrición (lousa), da cuberta dunha vivenda existente, con referencia catastral nº.: 15012B514006650001BG, situada no lugar da Silveira, na parroquia de Oural, e cuxo importe xa constaba ingresado nas arcas municipais. Dito ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria: xxxxx.

2.- Comunicarlle este acordo á interesada

5. Altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Dona Inés xxxxx	xxxxx	xxxxx- Lestedo - Boqueixón	54,86 €
Don Jesús xxxxx	xxxxx	xxxxx, Vigo- Boqueixón	54,86 €
Don Paulino xxxxx	xxxxx	xxxxx-Sergude-Boqueixón	54,86 €
Vista Jardín SL	xxxxx	xxxxx – Codeso-Boqueixón	109,73 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

-A alta concedida a dona Inés xxxxx é para vivenda, e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

Os demais beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Dona Inés xxxxx	xxxxx	xxxxx Lestedo - Boqueixón	54,86 €
Don Manuel xxxxx	xxxxx	xxxxx, Lestedo - Boqueixón	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

-A alta concedida a dona Inés xxxxx é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

Os demais beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

6. Denegación SAF libre concorrencia

Acordo denegación ao SAF por libre concorrencia

7.Solicitud de renovación bonificación tarxeta transporte metropolitano da área de Santiago de Compostela

Acordo de renovación bonificación tarxeta transporte metropolitano.

8.Baixa voluntaria SAF libre concorrencia e alta SAF libre concorrencia

Acordos

A) Baixa voluntaria SAF libre concorrencia

B) Alta SAF libre concorrencia

9.Dar conta das altas / baixas no SAF

Dáse conta do informe da traballadora social, do cal a Xunta de Goberno se da por enterada.

10.Inicio de execución subsidiaria de limpeza/corta nas leiras dedicadas a monte de O Xeixo-Rebordaos-Oural

ANTECEDENTES

O 15 de abril do 2015, co número de entrada 15/694, don Manuel xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito no rexistro municipal expoñendo que sendo propietario da vivenda situada na parcela número 567 do lugar Rebordaos número 5 en Oural, atópase a mesma rodeada de parcelas dedicadas a monte, que non cumpren coa normativa da Lei 3/2007, prevención e defensa contra os incendios forestais e coa Lei 7/2012 de montes de Galicia, en materia de distancias do arboredo e de maleza respecto da citada vivenda.

Sinala que as parcelas que non cumpren coa normativa citada son as número 566, 571, 572, 574 e 575, polígono 47 do “Xeixo-Boqueixón”. Manifesta que son propietarios de leiras, dona Dolores xxxxx, dona Manuela xxxxx, don Ramón xxxxx ...

Solicita que se cumpra coa normativa existente en materia de prevención de incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 7 de maio do 2015 acordouse:

1. “A) Requirir á propietaria da leira número 566, polígono 47, dona María Dolores xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

B) Requirir os propietarios da leira número 571, polígono 47, herdeiros de dona María xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos

piñeiros) e de 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

C) Requirir os propietarios da leira número 572, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes e carballo , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros), 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes e carballo) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

D) Requirir os propietarios da leira número 574, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

E) Requirir os propietarios da leira número 575, polígono 47, herdeiros de don Jesús xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna”.

Con rexistro de saída número 15/373 remítese a notificación de requirimento de limpeza a herdeiros de Jesús xxxxx, propietarios da leira número 575. Polo servizo de correos intentouse dúas veces e en diferentes horas a notificación, sen que se procedera a súa retirada.

De acordo co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publicouse o requirimento de limpeza e corta de arboredo na parcela número 575, lugar de O Xeixo, Rebordaos-Oural, no Boletín Oficial da Provincia (mércores 10 de xuño de 2015, número 108), na páxina web do concello (dende o 11/06/2015), no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón (desde o 10 de xuño de 2015) e no Boletín Oficial do Estado (desde o 15 de xuño de 2015, número 142).

Rematados os prazos (30/06/2015) de exposición pública non se presentaron alegacións ou documentación oportuna.

O 26 de maio de 2015 co número de entrada 15/1021, dona M^a Dolores xxxxx, propietaria da parcela número 566, polígono 47, presenta escrito no cal alega que os piñeiros existían con anterioridade á edificación, a cal se construíu con posterioridade. Dita edificación obtivo a legalización “a posteriori”, co cal a edificación estivo ilegal durante anos.

Que a lei 7/2012, de montes de Galicia debería ampliar os prazos para adecuar as repoboacións existentes á lexislación vixente.

Finalmente no punto quinto alega que se lle conceda un prazo maior para poder talar as árbores e adecuar as medidas ata que sexan grandes e poder vendelos.

Según informe do técnico municipal, do 13 de xullo do 2015:” *“Feita segunda inspección técnica no lugar de o Xeixo, en Rebordaos - Oural, preto da vivenda de don Manuel xxxxx compróbase que a mesma está rodeada de leiras de monte que se detallan a continuación:*

A leira número 566, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros que están a 13 metros da vivenda.

A leira número 571, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros e carballetes que están a 22 metros da vivenda.

A leira número 572, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros , carballetes e un carballo, así como maleza que están a 9 metros da vivenda.

A leira número 574, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten maleza, piñeiros e carballetes que están a 12 metros da vivenda.

A leira número 575 polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón” , dedicada a monte ten maleza, piñeiros e carballetes que están a 19 metros de distancia respecto da vivenda.

Non se respectan polo tanto, nas leiras 572, 574 e 575 unha franxa de 50 metros perimetral arredor da vivenda libre de biomasa vexetal e nas leiras 566, 571, 572,574 e 575, 30 metros libres de eucaliptos e piñeiros e 15 metros as frondosas (carballos) respecto da vivendas, consonte o disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

- O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

- O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que **“Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”**

- O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.**

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións,

vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

- O artigo 21.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, sinala que “A xestión da biomasa e retirada de especies da disposición adicional terceira nas faixas de protección a que se refire este artigo, nas edificacións e nas instalacións construídas sen licenza municipal ou incumprindo os termos do proxecto que obtiver licenza darán dereito a unha indemnización polos danos e perdas que poida ocasionar, así como o lucro cesante, a cargo das persoas propietarias dos terreos edificados e a favor do propietario das especies afectadas.

-O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 22.4 da Lei 3/2007 sinala que “no caso de execución subsidiaria, as persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter, están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execucións subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión”.

-O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

En relación coa alegación presentada por dona M^a Dolores xxxxx, convén ter en conta o disposto na disposición transitoria décima da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia que di o seguinte:

“1. Aos procedementos iniciados ao abeiro da normativa existente con anterioridade á entrada en vigor desta lei seralles aplicable a normativa vixente no momento da súa iniciación, agás o disposto no punto seguinte ou nos casos en que o previsto nesta lei sexa máis favorable para o interesado.

2. O réxime sancionador previsto nesta lei ou, de ser o caso, na modificación introducida na normativa de incendios forestais será aplicable aos procedementos en curso sempre que o réxime xurídico sexa máis favorable que o previsto na lexislación anterior.

3. As repoboacións existentes á entrada en vigor desta lei teñen un prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor dela para adecuarse ás novas distancias.”

O prazo máximo de dous anos rematou o 17 de agosto de 2014.

Polo que se desvirtúa esta alegación, en canto a que a edificación é posterior á plantación e consecuentemente deben ser cortadas ás árbores, tal e como se establece na disposición transitoria décima da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Por outro lado en canto á solicitude de ampliación do prazo “ata que sexan grandes e poidan vendelos”, esto pode implicar o transcurso de varios anos e consecuentemente o procedemento caducaría, sabendo o concello que se estaría incorrendo nunha ilegalidade. Polo tanto non se pode aceptar esta alegación presentada por dona M^a Dolores xxxxx.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Rexeitar a alegación presentada por dona M^a Dolores xxxxx, propietaria da leira número 566, polígono 47, e **iniciar o expediente de execución subsidiaria** para proceder coa corta dos piñeiros que están a 13 metros de distancia, respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo ascenden a un total de **250 euros**, que terán que ser aboados pola propietaria da leira número 566, polígono 47, do lugar de O Xeixo, Rebordaos, Oural, dona M^a Dolores xxxxx.

2. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder cos traballos de corta de piñeiros e carballetes , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) e de 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) respecto da vivenda de don Manuel xxxxx, na leira número 571, polígono 47, propiedade de herdeiros de dona María xxxxx.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza/corta de arboredo ascenden a un total de **60 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da leira número 571, polígono 47, do lugar de O Xeixo, Rebordaos, Oural, herdeiros de dona María xxxxx.

3. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder cos traballos de limpeza de maleza (distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx) e de corta de piñeiros e carballetes e carballo , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes e carballo), na leira número 572, polígono 47, propiedade de herdeiros de dona Carmen xxxxx.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo e limpeza de maleza ascenden a un total de **60 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da leira número 572, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx.

4. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder cos traballos de limpeza de maleza (distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx) e de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes), na leira número 574, polígono 47, propiedade de herdeiros de dona Carmen xxxxx.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo e limpeza de maleza ascenden a un total de **360 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da leira número 574, polígono 47, propiedade de herdeiros de dona Carmen xxxxx.

5. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder cos traballos de limpeza de maleza (distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx) e de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros

perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) na leira leira número 575, polígono 47, propiedade de herdeiros de don Jesús xxxxx.

Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo e limpeza de maleza ascenden a un total de **700 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da leira número 575, polígono 47, propiedade de herdeiros de don Jesús xxxxx.

6. Dar trámite de audiencia ós propietarios das leiras número 566, 571, 572, 574 e 575, para que procedan, no seu caso, a presentar o que estimen oportuno

11.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **65.067,71** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MANTEMENTO INFORMÁTICO XUÑO	920	21600	594,00 €
2	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	ASISTENCIA TEC.-URB. MES DE XUÑO	151	22706	1.917,85 €
3	GAS NATURAL SER. SDG, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO DEP. ORTO 01/05 AO 30/05	161	22100	8.138,47 €
4	SOC. EST. CORREOS Y TEL. S.A.	SERVIZO CORREOS MES DE XUÑO	920	22201	258,32 €
5	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO MÓBILES 18/05 - 17/06	920	22200	410,54 €
TOTAL					11.319,18 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ANTA FERNANDEZ, ANA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	231	23020	61,94 €
2	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSORES	920	21300	76,23 €
3	ATENDO CALIDADE, S.L.	HORAS LABOR. LIBRE CONCURRENCIA XUÑO	231	22799	2.388,79 €
4	ATENDO CALIDADE, S.L.	SAF MES DE XUÑO	231	22799	20.724,19 €
5	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	CAMBIAR CALDERÍN AIRE, ROTAT., C6531BM	135	21300	559,29 €
6	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	MICRO PARA MEGAFONIA	334	22699	24,00 €
7	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	PLACAS GRAB. SAN CIDRE E CABLE MEGAF.	924	22601	161,92 €
8	BOTANA GRANJA, MANUEL	TUBO DE SIKAFLEX, MANGUEIRA, CINTA,....	920	21200	67,09 €
9	CALVO SUAREZ, MATILDE	SER. DE TERAPIA OCUPACIONAL MES DE XUÑO	231	22799	418,95 €
10	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	FIAMBRE PARA RUTA DO COLESTEROL	924	22601	154,14 €
11	CASA CASTRO DE LAMAS, S.C.	FRUTA, FIAMBRE,.... CAMPUS DEPORTIVO	341	22609	53,00 €
12	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO	165	22100	94,45 €
13	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ELECTRICO CASA DA CULTURA	165	22100	220,17 €
14	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	MATERIAL OFIC. DEPENDENCIAS MUNICIPAIS	920	22000	640,67 €
15	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	REPARACIÓN DESBROZADORA, FIO, ACEITE,....	171	21300	179,62 €
16	DAVID FERNANDEZ NEIRA	MONITORES E MATERIAL CAMPAMENTO	334	22609	2.838,00 €

17	DAVID FERNANDEZ NEIRA	OBRADOIRO DE IMPRESIÓN NA MADEIRA	334	22609	€	181,50
18	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	TORNILLOS SPAX	920	21200	€	3,82
19	FDZ IGLESIAS, ENRIQUE - T.SILVEIRA	CAMBIO DISCOS FREOS DIANTEIROS 1600GZL	135	21300	€	365,86
20	FDZ IGLESIAS, ENRIQUE - T.SILVEIRA	INTERRUPTOR ELECALUAS 8745GZZ	135	21300	€	167,34
21	FDZ IGLESIAS, ENRIQUE - T.SILVEIRA	FREOS DIANTEIRO E TRASEIROS 8745GZZ	135	21300	€	371,47
22	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIAS MES DE XUÑO	920	21300	€	420,63
23	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIAS MES DE XULLO	920	21300	€	420,63
24	GALLEGA DE MAT. CIENTÍFICO S.A.	TURBIDIMETRO PORTATIL PISCINA MUNIC.	342	22199	€	423,50
25	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	€	4,57
26	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	€	851,78
27	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO	165	22100	€	1.862,42
28	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO	165	22100	€	1.137,15
29	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO BOMBEO DONAS	165	22100	€	1298,06
30	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA PARA MAQUINARIA	171	22103	€	197,08
31	MONTOUTO REPARACIONES, S.L.	ASIENTO COND., FREOS, VÁLVULA,... LIXO	1621	21300	€	1.214,89
32	MOTIVO JCB GALICIA, S.A.	REPARACIÓN PALA	1532	21300	€	719,50
33	PATRICIA Mª MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	CONTACTOS PROGRAMA LER CONTA MOITO	3321	22699	€	47,50
34	PAZOS Y VIEIRO, S.L.	EQUIPACIÓN CUADRILLA OBRAS DEPUTACIÓN	1532	22199	€	206,91
35	RENDO FACORRO, MARIA LUISA	MATERIAIS OBRAS VARIAS	1532	21200	€	1.738,90
36	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	MANT.SIST. ANTI-ROUBO CONCELLO 1º SEM.	920	21200	€	516,03
37	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	MANT. EXTINTORES 1º SEMESTRE	920	21200	€	617,04
38	SOGAMA	TRATAMENTO RU MES XUÑO	1623	21200	€	7.865,70
39	TALLERES SANCHEZ REY, S.C.	REP. BOTELLA DESBROZ., LATIGUILLO, BOMBA	163	21300	€	759,87
40	TORRES GIL, JOSE GONZALO	ITV CAMIÓN FORESTAL C6531BM	135	21300	€	58,91
41	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS P. CIVIL	1621	22103	€	3.131,10
42	VAZQUEZ FDZ, MARIA DEL CARMEN	PROD. ALIMENTICIOS GARDERIA MUNICIPAL	231	22105	€	315,35
43	VIDRIERAS COMPOSTELA, S.L.	METRAQUILATO DE 1000X900MM	920	21200	€	149,57
44	YOLANDA NEIRA CRISTOBO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	334	22609	€	39,00
					TOTAL	53.748,53 €

12.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde